

INFORME SOBRE A CONTA XERAL DO EXERCICIO DE 2025

1.- OBXECTO E ALCANCE

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 208 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL) e as Regras 47 e 48 da Orde HAP/1781/2013, formouse a Conta Xeral da Entidade Local correspondente ao ano 2025.

Este informe límtase aos aspectos formais da mesma. A formación da memoria foi desenvolvida polo servizo de Contabilidade, sendo competencia da Dirección Superior Contable a formación da propia Conta.

2.- MARCO NORMATIVO REGULADOR

A. Normativa Xeral e de Réxime Local


- TRLRFL: Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Artigos 191-193 e 208-212).
- LBRL/LRSAL: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e as súas modificacións posteriores (LRSAL).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, sobre o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

B. Normativa Contable e Orzamentaria

- Instrución de Contabilidade: Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local (Regras 44 a 51).
- Regulamento Orzamentario: Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (Artigos 89-105).
- Estrutura Orzamentaria: Orde EHA/3565/2008 e Orde HAP/419/2014.
- Contas Consolidadas: Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2026 11:24	Páxina 1 de 4
452-143	CSV: AFBABC-575CBD-5A3AEH-PAKVXJ-NQA3Q9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



C. Estabilidade Orzamentaria e Normativa Europea

- LOEOSF: Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- SEC-2010: Regulamento Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Sistema Europeo de Contas.

3.- TRAMITACIÓN E PRAZOS LEGALMENTE PREVISTOS

A tramitación da Conta Xeral debe seguir os seguintes fitos temporais:

1. Formación e Rendición: O Presidente da entidade debe render a conta antes do 15 de maio do exercicio seguinte.
2. Informe da Comisión: Sometemento ao informe da Comisión Especial de Contas antes do 1 de xuño.
3. Exposición Pública: Prazo de 15 días para reclamacións ou obxeccións.
4. Aprobación polo Pleno: Sometemento ao Pleno da Corporación antes do 1 de outubro.
5. Remisión ao Tribunal de Contas/Consello de Contas: Antes do 15 de outubro, mediante procedementos telemáticos.

4.- PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN E CONTIDO.


A Conta Xeral do Concello de Vigo para 2025 integra as seguintes entidades:

- Entidade Matriz: Concello de Vigo.
- Organismo Autónomo: Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Fundacións dependentes (Perímetro LOEOSF):
 - Fundación MARCO.
 - Fundación LISTE.
 - Fundación CONVENTION BUREAU.

A documentación inclúe os estados consolidados esixidos pola normativa (Balance, Estado de Cambios no Patrimonio Neto, Fluxos de Efectivo, Liquidación do Orzamento e Memoria).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2026 11:24	Páxina 2 de 4
452-143	CSV: AFBABC-575CBD-5A3AEH-PAKVXJ-NQA3Q9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



5.- ANÁLISE DE XESTIÓN: EFICIENCIA E EFICACIA

5.1.- Indicadores de Eficiencia (Custos).

Na Conta de 2025 incorpóranse indicadores de xestión conforme ás notas 26 e 27 da Memoria.

- Realizouse estudo de custos para 66 actividades.
- Aplicáronse indicadores específicos de eficacia, eficiencia, economía e medios de produción para 37 actividades detalladas (especialmente en Benestar Social, Deportes, Seguridade, Educación).

5.2.- Indicadores de Eficacia (Obxectivos).

A memoria (epígrafes 25.1 e 25.2) reflicte o grao de cumprimento dos obxectivos programados mediante indicadores patrimoniais, financeiros e orzamentarios. Estes instrumentos permiten avaliar a xestión en termos porcentuais e comparativos.

6.- FISCALIZACIÓN.

O réxime de control aplicado durante o exercicio 2025 foi o seguinte:


- Estado de Gastos: Seguiuse o procedemento de fiscalización previa (Art. 214 TRLRFL), sen facer uso da fiscalización limitada.
- Estado de Ingresos: A fiscalización previa substituíuse pola toma de razón en contabilidade, con actuacións comprobatorias posteriores mediante mostraxe.

7.- CUMPRIMENTO DE OBOECTIVOS DE ESTABILIDADE

De acordo coa información recollida nos estados consolidados e na memoria, a Conta Xeral de 2025 reflicte o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria do Grupo Concello de Vigo. Os axustes e equivalencias realizados nas Fundacións garanten a homoxeneización das contas para dar cumprimento á Lei Orgánica 2/2012 (LOEOSF) e aos criterios de capacidade de financiamento definidos no SEC-2010



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2026 11:24	Páxina 3 de 4
452-143	CSV: AFBABC-575CBD-5A3AEH-PAKVXJ-NQA3Q9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
INTERVENCIÓN XERAL

Expediente nº 452/143
CONTA XERAL 2025

8.- CONCLUSIÓN

A Conta Xeral do exercicio 2025, integrando a Entidade Local, o seu Organismo Autónomo e as Fundacións MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU, formouse respectando os principios e normas de valoración do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local.

A documentación presentada cumpre co previsto no artigo 209 do TRLRHL e a Regra 44 da IMNCL, representando a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados e da execución do orzamento. Esta Intervención verificou a coherencia formal dos estados e o cumprimento dos prazos legais de tramitación.

En Vigo, á data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL MUNICIPAL: Alberto Escariz Couso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 08/07/2026 11:24	Páxina 4 de 4
452-143	CSV: AFBABC-575CBD-5A3AEH-PAKVXJ-NQA3Q9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		